

Cuestionario sobre os repertorios poéticos dixitais

MedDB 2.3.1

Base de datos da *Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*, versión 2.3.1, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://www.cirp.es/>>

ISSN 1989-4546

Versión 2.3.1 Marzo 2011 (v2.0 Maio de 2008)

1) ¿Que investigadores participan no proxecto da Base de Datos?

A concepción de MedDB intégrase no subproxecto *Lírica galego-portuguesa* que, dentro do macro-proxecto *Arquivo Galicia Medieval*, se desenvolve no “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades” baixo a dirección de Mercedes Brea. Con ela como coordinadora, un grupo de investigadores (Carlos Cordeiro Moledo, Antonio Augusto Domínguez Carregal, Antonio Fernández Guiadanes, David González Couso, Déborah González Martínez, Marta López Macías, Fernando Magán Abelleira, Marina Meléndez Cabo, Alexandre Gaíferos Parrado Freire, Gerardo Pérez Barcala, Ignacio Rodiño Caramés, María del Carmen Rodríguez Castaño, Xosé Xabier Ron Fernández, M^a Carmen Vázquez Pacho, Isabel Vega Vázquez) realizou o rexistro dos datos. O equipo informático está formado por Fernando Magán Muñoz e José Carlos Sánchez Rivas.

2) ¿Durante que período se traballou no repertorio? ¿cales foron as etapas principais do traballo? ¿Considérase rematado ou quedan aínda cousas por facer?

A elaboración da base de datos iniciouse en 1996, tomando como punto de partida a publicación *Lírica Profana Galego Portuguesa (LPGP)* polo “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades” e que, en dous volumes, contiña a totalidade da produción profana galego-portuguesa da Idade Media. A etapa inicial do proxecto deu lugar á elaboración dunha primeira versión de MedDB, dispoñible desde 1998, que esta segunda versión, accesible desde 2008, actualiza e mellora. Nun primeiro momento verteuse o contido de *LPGP*, resultando a primeira versión da Base de Datos. Nunha segunda fase organizouse a información sobre os textos en catro niveis (de xeito que se puidesen realizar buscas por cantigas, estrofas, versos e trobador) e incorporáronse as imaxes dos manuscritos nos que cada cantiga foi transmitida, mais prescindindo da información bibliográfica, que foi incorporada a outra base de datos, BiRMED (*Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval*), accesible desde marzo de 2009. Por outro lado, a base de datos completárase con outra (PalMED), en fase de realización, que recolle a transcripción das cantigas en cada un dos testemuños que as envía. O carácter “aberto” de MedDB (sobre a que se aceptan suxestións, comentarios ou notificacións de problemas ou erros no sistema de acceso ou na súa documentación) determina que non se dea por concluído o traballo.

3) ¿Hai fundacións públicas ou privadas que proporcionaron apoio ou axuda para a realización da base de datos?

O traballo realizouse grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, do que depende o “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades”, ao ser a entidade que convocou as bolsas das que se beneficiaron os investigadores que se ocuparon do fichado dos datos filolóxicos (vid. 1) e o lugar de traballo habitual dos dous informáticos citados. Ao tempo,

MedDB relaciónase co proxecto MEC-FEDER HUM2005-01300 e con outros dous subvencionados pola Xunta de Galicia (PGIDIT03SIN20401PR e PGIDIT06CSC20401PR), todos eles dirixidos pola profesora Mercedes Brea.

4) ¿Cal é o corpus do repertorio que constitúe a base de datos? ¿Que publicacións en papel precederon ao repertorio en liña (repertorios en papel, índices do mesmo corpus, etc.)? En relación ao material existente con anterioridade, ¿foi incrementado coa base de datos? ¿Cantos poemas e cantas fontes se integran na base de datos?

A base de datos contén os 1691 poemas (que tiñan tamén execución musical) que constitúen o corpus completo da lírica profana galego-portuguesa do século XIII e da primeira metade do XIV. Ese conxunto textual foi publicado en 2 volumes en 1996 baixo o título *Lírica Profana Galego-Portuguesa (LPGP)*, como fase inicial do proxecto. Dado que este é o corpus completo da lírica medieval galego-portuguesa de tema non relixioso (ou mellor dito, o transmitido polos cancioneiros que envían as cantigas profanas, nos que tamén se inclúen dúas *laud*s marianas), pode considerarse que o repertorio da base de datos está completo. Aquela publicación impresa constituíu, polo tanto, o xérmolo de MedDB (vid. 2), mais a publicación de edicións críticas de trovadores individuais (como a de Mariña Arbor Aldea para Afonso Sanchez, a de Pilar Lorenzo Gradín para Afonso Lopez de Baian, a de Laura Tato Fontaiña para Pero Meendiz da Fonseca, etc.) ou de “xéneros” literarios (como as de Rip Cohen, *500 Cantigas d’Amigo*, ou Graça Videira Lopes, *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograís Galego-Portugueses*) con posterioridade a aquela data (1996) propiciou algunhas modificacións no establecemento do texto das cantigas inicialmente recollidas en *LPGP*.

5) ¿Son accesibles aos usuarios do repertorio todos os datos almacenados?

Non. Hai aspectos dos textos que aínda non están a disposición daqueles que manexan a base de datos: a existencia de rúbricas atributivas e/ou explicativas (e o texto das mesmas), así como de apostilas collocianas, no caso das cantigas incluídas nos cancioneiros *B* (Lisboa, Biblioteca Nacional, Cód. 10991) e *V* (Biblioteca Apostólica Vaticana, Vat. lat. 4803), non son aínda accesibles por necesitar os datos fichados dunha profunda revisión. Por outro lado, información relativa a procedementos formais dos textos (inicialmente incluída en *LPGP*) non é visible, á espera de que investigacións rigurosas axuden a un mellor coñecemento do funcionamento dos mesmos.

6) ¿Pódense facer buscas complexas na base de datos (que pasen diversos filtros para determinar un corpus particular, por exemplo, os poemas que utilizan tal o cal procedemento retórico, estrutura das rimas, lonxitude, período de composición...)? ¿Aproveita o repertorio as múltiples posibilidades ofrecidas pola informática desde ese punto de vista?

Si. A finalidade principal de MedDB é pór a disposición dos usuarios unha información seleccionada e estruturada que avale a efectividade das buscas. Estas poden facerse a través de catro grandes categorías (cantigas, estrofas, versos e trovadores), extraendo a información para cada unha delas en virtude dos campos requeridos como criterio de busca, que poden ser un ou varios, de xeito que se obteñan resultados que cumpran todos ou calquera deses criterios. Ademais, en cada unha das catro categorías pódense facer buscas avanzadas ou restrinxidas por medio de “filtros”. O sistema de acceso vía *www* permite facer buscas por calquera dos campos de cada táboa, dispón dunha gran variedade de operadores *booleanos* e textuais (permitindo

especificar se debe atopar todos ou só algún dos valores de busca, e tamén se estes deben estar en orde ou non), e permite que o resultado se ordene por varios criterios de xeito ascendente ou descendente.

7) ¿Cales son os criterios poéticos, musicais, métricos, etc., maiores e menores, recollidos no repertorio? ¿Cales son as características máis importantes dos poemas da base de datos?

1. Características métricas:

a) Se a busca se fai na categoría de cantigas, poden obterse resultados sobre o número de estrofas dos textos (individualizando, ademais, tipos de estrofas específicos, entre os que se conta a *fiinda*), sobre o tipo de cantiga (en función fundamentalmente das dúas modalidades principais, *mestría* e *refrán*), sobre as formas de relación interestrófica en virtude do emprego das rimas (cobras unisonantes, singulares, etc.).

b) Se a busca se realiza na categoría das estrofas, ademais de recuperar as características da totalidade da cantiga, obteranse resultados que atenden ao número que a estrofa ocupa na totalidade da cantiga, ao tipo de estrofa, o número de versos que a forman (distinguindo, para as cantigas de refrán, os versos que constitúen a estrofa daqueles dos do retrouso), o esquema métrico da estrofa (destacando a importancia do carácter grave ou agudo dos versos que a forman), o esquema rimático da estrofa (indicando con letras maiúsculas as rimas do refrán).

c) Se a busca se leva a cabo por versos, ademais de ofrecer os detalles sobre a cantiga á que pertence e da estrofa na que se integra, obtéñense detalles relativos á posición que ese verso ocupa na estrofa (indicando se pertence ou non ao refrán), o número de sílabas de que consta, os sons que constitúen a súa rima, e a palabra rimante (sinalando, de ser o caso, se esa é unha *palabra rima*).

2. Características musicais:

As composicións trobadorescas eran resultado da combinación de texto poético e musical. A notación musical só foi enviada nos manuscritos para un reducido número de composicións, conservándose para outras o espazo para a súa reprodución (en concreto para a primeira estrofa e ás veces tamén para a *fiinda*). Esta información pode obterse en MedDB utilizando os “filtros” música e espazo música nas buscas realizadas na categoría de cantigas.

3. Outras características:

En MedDB pódense tamén facer buscas que teñen en conta outros elementos dos textos como o xénero e/ou subxénero ao que pertencen, sobre os temas e subtemas literarios que tratan, sobre a súa posición nos manuscritos, sobre a utilización neles de linguas distintas do galego-portugués, sobre a autoría única ou compartida (no caso dos textos dialogados), ou sobre os problemas de atribución. A base de datos permite enlazar, ademais, con cada un dos testemuños que transmiten as cantigas.

8) ¿Considera vostede como unidade a descrición dos poemas “abstractos” (é dicir, un estado ao que chegaron os poemas sobre o que se pode realizar unha edición crítica) ou ben os poemas nas súas realizacións concretas nas fontes? ¿Utilizou vostede os datos específicos dos poemas a partir das fontes (manuscritos, incunables ou edicións antigas impresas) ou ben a partir de edicións críticas consideradas fiables?

Como se indicou (vid. 4), o texto das cantigas foi tomado de *LPGP* (1996), que reproducía

os poemas a partir da edición que para cada un deles se considerou máis autorizada, mais MedDB incorpora as imaxes dixitalizadas de cada un dos manuscritos que transmiten as cantigas. En calquera caso, PalMED completará a información actual (que parte das edicións críticas, aínda que as confronta cos manuscritos e comproba sobre eles moitos datos específicos) proporcionando a transcripción paleográfica de todos os testemuños e os datos particulares relativos a estes.

9) ¿Ofrécese na base de datos o texto, a música dos poemas, ben mediante unha edición crítica ben mediante unha transcripción diplomática, ben coas reproducións fotográficas das fontes ou non?

Segundo se comentou en apartados previos, o texto das cantigas que constitúen o corpus da Base de Datos é o ofrecido en *LPGP*, onde as cantigas se reproducen a partir da edición que para cada unha delas se considerou máis fiable, se ben para algunhas delas se modificou o texto a partir de edicións críticas aparecidas despois do ano de publicación de *LPGP* (1996). Ademais da información relativa á edición da que se extrae o texto, inclúense os datos das restantes edicións nas que ese se reproduce e as imaxes dos testemuños que o transmiten co obxecto de comprobar, entre outras cousas, as lecturas ofrecidas nesa edición crítica considerada de maior solvencia. A notación musical só se conserva no Pergamiño Vindel e no Pergamiño Sharrer, e non se transcribe; só pode verse abrindo as correspondentes imaxes deses manuscritos.

10) ¿Que tipo de información bibliográfica se ofrece aos usuarios?

A información bibliográfica para cada texto atinxe unicamente á edición seguida para a súa presentación, así como a das outras edicións que o inclúen, sexan do tipo que sexan (críticas, diplomáticas, divulgativas, facsimilares, interpretativas, paleográficas e semidiplomáticas). Porén, outra base de datos, BiRMED –*Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* Versión 2.1 Xaneiro 2010 (v2.0 Marzo 2009)–, ofrece un repertorio bibliográfico da lírica profana galego-portuguesa (mais tamén das *Cantigas de Santa María* e da prosa literaria), que, sempre en continuo proceso de actualización, proporciona, ademais dos detalles editoriais, información sobre o(s) asunto(s) tratado(s) en cada referencia e, de ser o caso, a(s) cantiga(s) das que un *item* bibliográfico se ocupa. Como novidade máis destacada, a última versión de BiRMED ofrece ao usuario un índice de citas, que permite, por unha parte, coñecer a bibliografía citada en cada rexistro e, por outra, saber onde aparece citado un traballo determinado, mais esta información ten dúas limitacións: a) aplícase unicamente aos estudos publicados a partir do ano 2003; e b) só recolle as citas recibidas por traballos incluídos á súa vez en BiRMED.

11) ¿Utilizaron referencias cruzadas para facilitar a comparación do corpus con outros repertorios consagrados a corpora paralelos?

Non. Polo momento MedDB non permite facer buscas cruzadas entre as diferentes bases de datos poéticas en liña. En calquera caso, existe outra base de datos (*Trobadores*) derivada (adaptada, máis ben) de MedDB, que adopta a mesma plataforma que outros repertorios consagrados a corpora paralelos (o occitano, o francés e o italiano), co obxectivo de permitir a medio prazo buscas cruzadas entre os catro (www.textus.org).

12) ¿Como se rexistra na base de datos a carpintería métrica, a estrutura das rimas e as diferenzas procedentes de repeticións no nivel do vocabulario (retrouso, leixa-pren, repeticións de

palabras en rima, etc.)?

Como se apuntou en 7.1, a estrutura métrica indícase para cada unha das estrofas dos diferentes textos que constitúen o corpus (ofrecendo, se é o caso, a súa correspondencia no *Repertorio Metrico* de Tavani, 1967), á vez que tamén se rexistra a ordenación das rimas. No esquema das rimas o refrán indícase por medio de letras maiúsculas. Asemade, consígnase a tipoloxía da cantiga, isto é, se é de mestría ou de refrán, e neste último caso, se o refrán é intercalar ou se a cantiga posúe refrán inicial. Dos procedementos repetitivos só se consignan, polo momento, aqueles que se producen na rima e que dan lugar á técnica da *palabra rima*, á espera de que traballos que teñan en conta a totalidade do corpus e que se realicen con criterios rigurosos contribúan a incluír a información relativa a outros procedementos que, polo momento, non parecen estar correctamente definidos (vid. 5).